

O ESPIGONCIÑO

UN LIBRO DE



Carlos Casares

Anxo Taracido.

EDITORIAL

Ola! E benvidos/as a esta edición do Espigonciño, espero que vos guste.

O primeiro de todo darvos as grazas porque todos este anos foron maravillosos.

Infantil foi “flipante”, eu aínda me acordo do meu primerio día de clase no colexio.

E pronto, supoño que será o último; pero non pasa nada porque lévome moitos recordos bos e novos.

Grazas aos mestres, puidemos ter a ocasión de chegar a esta meta. Deixamos polo camiño algún que outro compañeiro, que tivo que repetir curso, e desde aquí quérolle dar ánimos porque o tempo pasa voando! Do mesmo xeito tamén gañamos dous..., pero sexa como sexa sempre imos permanecer unidos, estemos ou non no mesmo curso.

Agora grazas a mestres, amigos e familiares xa somos máis sabios, e xa sabemos afrontar mellor os problemas, tanto sexan de matemáticas coma os cotidianos.

Grazas, e xa nos veremos pola rúa, que isto non é unha despedida, é un ata logo!!

Celia, 6ºA

En Cariño

Hai tres meses que vin para Cariño. Ao principio custoume moito acostumar-me porque non coñecía a ninguén e porque perdera de vista aos meus amigos, que quedaban moi lonxe. Estaba nun proceso de adaptación e non podo crer que rápido pasa o tempo.

Desde que estou aquí paseino moi ben porque a xente é moi agradable. Se en todas partes fosen así sería moi diferente.

Xa teño amigas e amigos. Estou moi feliz coa vida que levo en Cariño e gústame moito ir ao Colexio M. Fraga Iribarne. Os colexios en Chile, país do que procedo, non son así.


Fabiana Salas Vilches. 6ºB



Sumario.

O circo	5
Xornalistas.....	10
Poema.....	15
Letras Galegas: Carlos Casares en Cariño.....	19
Entroido: un paseo por Galicia.....	22
A nosa terra: sabores de Galicia.....	25
Mitoloxía galega: seres e lugares míticos.....	28
Celebración do Día da Paz.....	32
Biblioteca.....	35
Visita á fábrica de conservas e á oficina de correos.....	42
Viaxe: Santiago de Compostela.....	45
Experiencias: Laboratorio de tecnoloxía.....	47
Obradoiro: Brochetas de froita con chocolate.....	48
Obradoiro: Os colgantes de Sargadelos.....	51
Proxecto: “Os mil brancos dos esquimós”	54
Deportes.....	56
Pasatempos.....	57





O circo.

**NA AULA DOS MOUCHOS, NESTE CURSO COÑECIMOS MOITAS COUSAS
SOBRE O**

CIRCO

**DECORAMOS O CORREDOR E A AULA E TROUXEMOS UNHA CHEA DE
MATERIAL DOS NÓSOS FOGARES PARA
INVESTIGAR SOBRE O TEMA.**



TAMÉN FIXEMOS UN GRAN MURAL CO QUE FOMOS APRENDENDO.



E VIÑERON A VERNOS

A PALLASA BLASA



E O MAGO JUAN



E TODOS OS MOUCHOS SOMOS GRANDES ARTISTAS

PALLASAS E PALLASOS

BATA SO



PATA SO



ALABARISTA



MUSKED



MÚSICOS

MALABARISTAS

EPULBRISTA



EQVILBRISTA



E
Q
V
I
L
I
B
R
I
S
T
A
S

EQVILBRISTA




EQVILBRISTA



EQVILBRISTA

FORZUDO




FORZUDO



FORZUDO



FORZUDO



FORZUDO



FORZUDO



FORZUDAS E FORZUDOS

MAGAS

E

MAGOS

MAGO

MAGO



MAGO



MAGO

MAGO



MAGO



Infantil 3 anos.

Xornalistas.

O DA (JUAN)
XORNAL

NO MES DE MARZO TRABAZAMOS
CO XORNAL (XABI)

CONVEZIMOS COMO E POR
DENTRO
ALGUNHA DE FOTOS DE FLOM (PAULA) ONE TO NOME
TEN O EO QUE ES DE



JESUS MA NO (MIRANDO)
O CHA XORNAL (LAIR)

CONÉZIMOS E AI MOITS
XORNIS COMO (PATRICIA)
C QUE HAI



PO IO
PERIÓDICOS

S PÑOS (JAIRO)
ESPAÑOIS

NA CLASE ESCOLLIMAS
FOTOS DO XORNALE
ESCRIBIMOS O PDF FOTO (SARA)
E E

AEIO
APRENDIMOS

A ABLL
TRABALLAR


QA U
COMA

XOA IT (ADRIÁN)
XORNALISTA


SAKO DO (OSCAR)
CAMOS FOTOS



ESIBOS A OTICIA
ESCRIBIMOS
NO ONE AO (CARLOS)
ORDENADOR



UN KOLAS NO AOLEIO
PUBLICACIONES
ARSE (VERA)
DA CLASE
TABOLEIRO



ERE OS E OAS ESUIO2
ENTRE TODOS ESCOLLIMOS
UN OME DA OSO XDA
NOME RA NOSO XORNAL
(SERGIO)


LIA DE NOME OT (DANA)
LISTA ES E VOTOS

LA VOZ DEL MUNDO.....9
LA VIDA.....9
EL MUNDO DE GALICIA.....11
COLEGIO DE CARIÑO.....11
EL PERIÓDICO DE ESPAÑA....11
EL MUNDO ESPAÑOL.....12
CARIÑO EN UN COLEGIO.....11
EL MUNDO DE LOS OSOS.....11
EL COLEGIO DE TODOS.....9
EL PERIÓDICO DEL ESPAÑOL..13

D_E ENTRE OS MAS BOTADOS
E_XLECHIMOS: (MIGUEL)

E_L VO_E DE OS OSOS (MANUEL)

AD_{PROPIO} FINAL MONAOS O ÑSO
POIXONL (JESUS)



PUXEMOLO NO REGUXO
DA BIBPOTEGA (DIEGO) CUNCHO

EI.4
HUGO

Infantil 4 anos.

Poema.

POEMA

A DESPEDIDA



• PASARON 3 ANOS
DE NDE QUE CRECERAMOS
RAQÍ XORAMOS SALTAMOS
E TAMÉN ALGO TRABALHAMOS
ALGO TRABALHAMOS
, TODOS SOMOS AMIGOS
E XUNTOS NOS OUEFITAMOS

1



• A NOSA CLASE E
PROFES NUNCA OLVIDAREMOS,
PORQUE TODOS AS
QUEREMOS



2

• APRENDIMOS DO CIRCO,
QUE TEN R GRADAS,
E HAI QUE COMPRAR
ENTRADAS.



3

• XA SOMOS GRAN DE S
SOMOS MAIORES
POR ISO SUBIMOS
OS PISOS SUPERIORES.



Alumnado de 6º de Infantil.


ADEUS INFANTIL
AQUÍ O DEIXAMOS
XUNTOS HACÍA O FRENTE
TODOS AVANZAMOS.

4


Infantil 5 anos.

Letras Galegas

CARLOS CASARES EN CARIÑO



Hai vinte anos Carlos Casares visitou a nosa vila sendo o presidente do Consello da Cultura Galega. Deixou asinado no libro de honra do Concello unha dedicatoria para todos:



“ En lembranza desta primeira visita a Cariño, despois de pasar polo Cabo Ortegal, co meu agradecemento pola vosa xenerosa acollida. Carlos Casares. 21.05.97”

Na Casa de Cultura da localidade deu unha conferencia onde falou sobre a riqueza cultural de Galicia e das singularidades da nosa lingua.

Lembrou as súas andanzas de estudante en Santiago de Compostela, que foi onde escoitou falar de Cariño a través dun amigo cariñés José Docanto Fanego.



Departeu e atendeu con alegría e agarimo a moitos dos estudantes do IES Cabo Ortegal e outros veciños que aquela tarde estaban no auditorio.

Asinou dedicatorias nos seus libros a todos aqueles que se acercaron a pedirlo.


Deixou asinadas dedicatorias nas súas obras que había nos fondos bibliográficos da Biblioteca Municipal, que abriu ao público dous meses despois desta visita.





Subiu de visita ao cabo Ortegal onde puido admirar a paisaxe agreste dos nosos cantís, dos que falou uns días máis tarde na súa columna "A Marxe" de "La Voz de Galicia".

Hoxe transcorridos xa vinte anos desta visita a nosa lembranza é para o autor a quen se lle adican as Letras Galegas 2017: **Carlos Casares Mouriño**.



Fotos e copia do libro de honra aportados polo Concello de Cariño.

Entroido: Un paseo por Galicia



Este curso escolar durante o Entroido dimos un paseo por Galicia, por algunhas das súas festas e as súas tradicións.

O 24 de febreiro saímos en desfile polo Paseo Marítimo.

A festa rematou cunha chaolada.

A Maruxaina

Na clase de 4º de educación infantil disfrazáronse da festa da Maruxaina. Celébrase no mes de xullo en San Cibrao na Mariña lucense.

A Maruxaina é unha serea que sae do mar. Os mariñeiros da localidade xulgarán se é unha serea boa ou mala.



Arde Lucus

A clase de 5º de educación infantil disfrazouse de romanos e castrexos, rememorando o pasado da cidade de Lugo.

O Arde Lucus celébrase en Lugo a finais de xuño, para conmemorar a declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade.



Noite das Pepitas

A clase de 6º de educación infantil sacaron as guitarras, as bandurrias, ... vestidos dunha rondalla que canta coma na tradición ferrolá da noite das Pepitas.

Celébrase en Ferrol o 19 de marzo, con serenatas ou roldas polas rúas da cidade e un concurso de rondallas na Praza de Amboaxe.



Feiras medievais

No verán, en Galicia, celébranse moitas feiras medievais e festas relacionadas con este período da Historia: Ribadavia, Verín, Betanzos, A Coruña, Mondoñedo ...

Por iso os nenos e nenas de 1º de educación primaria se vestiron de cabaleiros e damas medievais.



Romaría vikinga

A clase de 2ºA de educación primaria foi asaltada polos vikingos e vikingas.

Así rememoran cando os normandos asaltaban as nosas costas en procura de tesouros. Unha das festas máis singulares de Galicia é a Romaría vikinga de Catoira.

Os Maios

Por toda Galicia se celebra a chegada do bo tempo e da primavera, por iso fabrican os "Maio" con plantas e flores, cantan e bailan arredor do "Maio". Son famosos os maio da Coruña, Viveiro,...

Os nenos e nenas de 2ºB de educación primaria vestíronse dos maio.



O traxe rexional Os gaiteiros

Os alumnos e alumnas de 3º de educación primaria disfrazáronse co traxe rexional galego, que hoxe en día se usa en actos folclóricos.

Os gaiteiros visten moitas veces este traxe tradicional.

As gaitas, acompañadas doutros instrumentos, amenizan verbenas e axudan a manter o patrimonio musical galego.



Danza de arcos

En 4º de educación primaria os alumnos e alumnas vestiron e bailaron coma a Danza de arcos de Cariño.

A Danza de arcos é unha danza mariñeira moi antiga que acompaña á Virxe do Carme na súa festa o 16 de xullo.

Báilase cuns arcos decorados con papeis de vistosas cores.

Festa dos indianos

En 5º de educación primaria vestiron coma os emigrantes que fixeron fortuna nas Américas a principios do século XX: os "Indianos".

A festa dos indianos celébrase no verán na localidade lucense de Ribadeo.



Camiño de Santiago

Os alumnos e alumnas de 6ºA de educación primaria vestiron como os antigos peregrinos do Camiño de Santiago.

O Camiño engloba as diferentes rutas polas que os peregrinos chegan a Santiago de Compostela.

Na actualidade son miles os peregrinos que por diferentes motivos: espirituais, turísticos ou deportivos percorren as rutas xacobeas.



Entroido galego

Na clase de 6ºB de educación primaria elaboraron os disfraces de "Peliqueiros" propios do entroido en Laza (Ourense).

Outros pesonaxes típicos do Entroido tradicional galego son: cigarróns, boteiros...

Na provincia de Ourense, ademais de Laza, hai moitas localidades onde o Entroido é festa de interese turístico: Verín, Ourense, Viana ...



A nosa terra.

Sabores de Galicia

Os nenos e nenas de cuarto de primaria seguimos investigando e aprendendo cousas da nosa Comunidade. Neste trimestre investigamos sobre produtos gastronómicos galegos de calidade.



Tenreira Galega.-

A tenreira galega é carne de vaca da raza "Rubia Galega". É unha carne rosa clara.

As vacas aliméntanse de pastos naturais de Galicia, localizados na provincia de Lugo e parte da provincia da Coruña.

Esta carne pódese atopar todo o ano nalgunhas carnizarías.

A tenreira galega pódese cocinar: asada, estufada ou guisada, frita, empanada, á prancha ou á grella.



Yeray e Laura – 4ºA

Lacón.-



Grelos.-

O lacón galego é a carne das patas dianteiras do porco.

O lacón curado é un alimento tradicional da cociña galega e para elaboralo pasa por un proceso de catro fases: salgado, lavado, asentamento e curado.

O lacón consévese todo o ano, pero sobre todo no inverno polo Entroido.

O lacón está moi unido a outro alimento galego: os grelos.

Os grelos son os talos e as follas dos nabos, por iso se lles chama tamén

"nabizas".

En Galicia celébranse festas do lacón con grelos en varias localidades como Lalín, Cuntis e Ordes.

Leo e Marcos – 4ºA

Pemento de Herbón.-

Tamén é coñecido como pemento de Padrón, porque o cultivo localízase nese municipio. É un produto de primavera e verán.

Algún presenta un sabor picante, de aí o refrán: "Os pementos de Padrón uns pican e outros non".

Por toda Galicia tamén se cultiva a pataca, que é o ingrediente de moitísimos pratos da cociña galega. Unha preparación típica da pataca son os "cachelos".

A castaña de Galicia é un produto que se recolle nos montes galegos.


Consévese en fresco, secas, conxeladas, glaseadas,... Está relacionada coa festa do Magosto.

Castañas de Galicia.-



Anxo e David – 4ºA

Queixo de tetilla.-



É un queixo cunha forma cónica que recorda a unha mama, de aí o seu nome.

Elabórase con leite de vaca das razas Rubia Galega, Frisona e Pardo Alpina.

Na actualidade prodúcese en grandes fábricas, pero tamén quedan pequenas granxas que o fan de maneira artesanal.

É un queixo semicurado, de cor branca amarelenta e ten unha cuberta fina amarela.

Outros queixos galegos importantes son: queixo de San Simón da Costa, queixo do Cebreiro e queixo de Arzúa.

Kiara e Iván – 4ºA

Pan de Cea.-

O pan de Cea é un pan tradicional galego que se fai en Cea (Ourense) con fariña de trigo, auga, sal e fermento.

Amásase segundo técnicas antigas en varias fases e logo cócese en fornos de granito con leña. É un pan que se conserva fresco varios días.

A torta de Santiago é un produto tradicional da repostería galega.


Consiste nun bicoito de améndoa decorado con azucre, deixando debuxada a cruz de Santiago que é un sinal de identidade.

Torta de Santiago.-



Alejandro e Alba – 4ºA

Bonito do norte.-



Péscase de maneira tradicional con anzol no mar Cantábrico, entre os meses de xuño e outubro.

O principal porto de descarga de bonito é Burela (Lugo); outros portos importantes onde se subasta bonito son Celeiro (Lugo), A Coruña e Vigo.

O bonito é un peixe azul con carne moi branca. Pódese consumir en fresco, conxelado ou en conserva. Outros peixes con certificado de calidade "PescadeRías", que son capturados pola flota artesanal preto das costas galegas, son: a pescada, as sardiñas e o rape.

Naiara e Antonio – 4ºA

Mexillón.-



Cultívase en "bateas", que son unhas plataformas flotantes das que penduran unhas cordas que é onde se adhíren os mexillóns. As zonas de cultivo do mexillón máis importantes son as Rías Baixas: Vigo, Pontevedra, Arousa e Muros e Noia.

Comercialízase en fresco ou transformado en conservas.

O mexillón pódese cociñar ao vapor,

con arroz, con ovos...

Outros bivalvos que se cultivan ou capturan nas costas galegas son: as vieiras, as zamburiñas, as ameixas, os berberechos e as ostras.



Zoe e Dani – 4ºA

Percebe.-

O percebe é un crustáceo que nace pegado ás rochas en zonas onde bate o mar. Nos lugares onde o mar bate con máis forza, o percebe nace máis curto e grosso, que é o de maior valor.

A pesca do percebe é perigosa. Os percebeiros van atados con cordas e con traxe de neopreno.

Unha das zonas con mellor percebe é o cabo Ortegal.

Outros crustáceos saborosos que se capturan nas costas galegas son os centolos e as nécoras.



Luis e Carmen – 4ºA

Polbo.-



É un molusco con oito brazos ou tentáculos.

Péscase con nasas e normalmente pola noite.

Un dos pratos máis importantes da cociña galega é o polbo á feira; aínda que tamén se prepara en guiso, en empanada...

Teñen moita sona na preparación do polbo as vilas do Carballiño (Ourense) e Mugaros (A Coruña).

Outros moluscos que se capturan na costa galega son as luras, os chocos e as xibas.



Sara e Álex – 4ºA



Fontes: www.gastronomiadegalicia.com, Suplemento de La Voz de Galicia: sabores con acento, outras páxinas web.

Mitología galega: Seres e Lugares Míticos

Dende o inicio dos tempos, o ser humano utilizou a mitoloxía como una maneira para explicar a orixe do mundo, os desastres naturais, os cambios estacionais, etc., é dicir, todos os sucesos que non podía entender.

En Galicia, a crenza de seres míticos chegou a ser tan profunda que se converteron nos compañeiros das galegas e dos galegos.. A explicación que o ser humano deu ós sucesos do mundo non sempre respondeu ao razoamento científico. Antes que a Ciencia; a tradición popular, a maxia e a mitoloxía foron elementos clave para que os humanos soubesen enfrontarse cos fenómenos naturais.

A cultura popular galega está chea de seres mitolóxicos que interveñen na vida dos campesiños que viven con eles nas aldeas. Estes seres, ás veces, benefician ós humanos, e outras castíganos.

Imos falar a continuación dalgúns dos seres máis frecuentes da mitoloxía desta terra chamada Galicia.

Meiga. Segundo a tradición, unha meiga é una muller con coñecementos de maxia e artes ocultas, ademais de *menciñeira*. Entre as súas cualidades, figuran a capacidade para facer feizos, males de ollo e de adiviñar. A figura da meiga está moi arraigada na tradición e acércase moito máis a una muller de aldea con certa idade. A meiga rivaliza en popularidade coa propia Santa Compañía, e aproxímase bastante á figura da curandeira dos druidas. Expresión típica pola que se recoñece na cultura galega é aquela de: *Eu non creo nas meigas, mais habelas hainas*.

A maruxaina. Conta a lenda que na costa lucense fronte San Cibrao, existe un castelo baixo a auga onde habita unha serea. Uns din que a serea é boa e que utiliza a súa sabiduría para avisar e liberar aos mariñeiros das inclemencias do mar Outros sin embargo, opinan que a serea é mala e que utiliza os seus encantos para enfeitizar e encandilar aos mariñeiros.

Ás veces móstrase como unha fermosa doncela de longos e rubios cabelos, e outras coma unha fea bruxa de ollos afundidos que parece querer atrapar cos seus dedos largos e esmirriados.

Portada polos mariñeiros terá o seu xuicio na praia do Torno. É unha comitiva na que todos participan con velas e faroles para xustificar se é inocente ou non. Se é inocente o pobo concédelle o indulto a serea, e a festa continua cunha gran queimada, se é culpable préndenlle lume mentras berran entre música e cantos.

Rubén Pérez Yáñez



Aurora. Na mitoloxía galega personifica o amencer, o luceiro da mañá, equivalente a grega, Eos. Na ventá orientada ao leste pónselle unha taza con leite do primeiro ordeño para solicitarlle a súa protección. En caso de desgracia prolongada implorase a seu favor recitando fórmulas secretas e ofrecéndolle unha bola forneada ao amencer.

Yeray Mato Yáñez

Arresponsador. Home ou muller que por rezar todos os días sen equivocarse un responso, ten man para saber do paradeiro e da sorte de persoas, animais e cousas. Pódese responsear antes de saír da casa para que a persoa, animal ou cousa non se extravíe ou se está fóra, para saber onde está. Pode reponsear contra ouveados evitando que lobos, raposos, aguias... fagan dano.

Jose Freire Lobo

Os biosbardos. Son unha figura mitolóxica existente en Galicia coa que se adoita gastar bromas aos non iniciados na caza. Adoita falarse deles coma paxaros ou mozos de gran beleza que ninguén sabe describir e que quen consegue cazalos ten despois moita sorte na vida, a condición de que non llos ensine a ninguén

Sandra Fraga López

Brigo Na historia mítica galega é o primeiro poboador de Galicia. Era o fillo de Túbal, primeiro poboador de España ,neto de Jafet e bizneto de Noé, supervivinte do Diluvio Universal .

Brigo desembarcou na desembocadura do río Miño .Instalouse na bisbarra entre Fisterra e o Cabo Ortegal e deu orixe aos brigantinos. (No concello de Bergondo crese que que están as ruínas do Pazo Do Rei Brigo).

Brigo tiña dous fillos: Artai e Hiar. Artai foi o primeiro que ensaiou a navegación en barcas de mimbres nas costas de Galicia e o seu nome serviu para denominar Artabros a os habitantes da provincia da Coruña.

Hiar foi o encargado de repoboar a zona que comprende entre Fisterra hasta a ría de Vigo.



Carlos Graña Cal

Chupasangue: Nas noites de inverno agóchase nos recantos escuros que abeirán os camiños e as rúas por onde regresan os nenos da escola. Ó que colle mátao e chuchalle o sangue. Adoita levar os cadáveres das vítimas para a súa casa e amoréanos debaixo da cama. Hai vampiros que intentan deixar de comer humanos e chuchanlle o sangue ós animais, como por exemplo as vacas.

Os chupasangues adoitan ter unha aparencia agradable para atraer as súas presas, son moi belos e ós ollos humanos son a perfección absoluta. Aínda que hai algúns que son moi feos para asustar as súas vítimas. En tódolos sitios hai destes dous tipos de chupasangues.

Nicolás Quiza Villafañe.

As nove ondas da praia da Lanzada. No areal que se estende aos pés do Santuario da Virxe da Lanzada, en Sanxenxo (Pontevedra) a tradición do “baño das nove ondas” establece que segundo parece obra efectos milagrosos.

Así na noite de San Xoán aquelas mulleres que teñen problemas coa súa fertilidade se ás doce da noite de ese día se meten nas augas frías do Atlántico o tempo no que tarden en chegar as “nove ondas ”curarán” e poderán ter fillos.

David Villar Fraguela

Lavadeiras. As lavadeiras son espíritos da mitoloxía galega, con orixe na mitoloxía celta, que tamén aparecen en Asturias, Cantabria, Bretaña e Irlanda. Segundo as diferentes lendas ou mitos son anciás arrugadas que frecuentan os ríos, lavadoiros e fontes, onde traballan con xesto hipnótico e incansable, invitando aos que pasan preto a axudalas.

Javier Valiño Armada

Lobishome. Este animal representa para os galegos, o mal. É una persoa coa capacidade de transformarse en lobo por causa dunha maldición ou por ser o séptimo fillo dunha nai.

Martina Díaz Álvarez

O nubeiro. É un personaxe da mitoloxía galega de aspecto forte e grande, vestido con peles negras, capaz de provocar tormentas e dirixir os raios á vontade. Asínciase, polo xeral, con todo o relativo ao fenómeno da treboada, é dicir, néboa, raios, lóstregos, chuvia forte, etc.

Un dos métodos tradicionais para esconxuralos é tocar as campás da igrexa.

*Tocan os frades a campá
para escorrentar o nubeiro,
ben eles sudan... para encher
pra todo o ano o granceiro.*



Carme Pita Pumar

O Apalpador (tamén coñecido polo nome de Pandeiro na comarca Terra Trives). Nas zonas do leste de Galicia, a figura mítica dun carboneiro que según indica a tradición baixa a noite do 24 de Decembro e o 31 de decembro, a tocar o ventre aos nenos para ver se comeron o suficiente durante todo o ano, deixando un montón de castañas, e eventualmente deixando tamén algún regalo desexándolles que teñan un aninovo cheo de felicidade e comida.



Claudia Pardo Hevia

A Santa Compañía é na mitoloxía popular Asturias e Galicia ,unha lenda fantástica sobre unha procesión de ánimas que discorre desde as doce da noite polos lugares dunha parroquia co propósito de visitar, ou advertir, a todas aquelas casas nas que en breve haberá un deceso ou defunción .

Olalla Alonso Armada

Trasno . Dise que é un anano traveso e saltarín de pel moura e con barba. Viste de vermello, é coxo e ten un burato na man esquerda. Actúa pola noite dentro das casas. Tira os pratos, revolve a roupa, asusta ao gando na corte, fai ruidos polo faiado. De día desaparece. En Galicia é moi típico chamar aos nenos«trasnos» cando son moi inquedos ou revoltosos. Tamén denomínase «trasno» a aquel que anda só polos camiños ou bosques.

David Mera Vidal

A pega. En Galicia, un dos paxaros que anuncian a morte, sobre todo si se reúnen varias sobre unha casa ou se golpean nos cristais coas súas ás ou si voan á esquerda ou graznan do mesmo lado.

Lucas Armada López

Hércules. Fundador mítico de A Coruña. Dise que houbo un xigante chamado Gerión, rei de Brigantium, que obrigaba aos seus súbditos entregarlle a metade dos seus bens, incluíndo os fillos. Un día os súbditos decidiron pedir axuda a Hércules que loitou contra Gerión, a quen venceu e enterrou. Encima levantou a Torre de Hércules. Cerca desta torre fundou una cidade, a que lle puxo o nome de Cruña



Iker M. Teijeiro Ferro

Herba de namorar. Esta planta medra nos arredores de San Andrés de Teixido. Entre as propiedades máxicas desta planta son que se considera o mellor remedio contra o desamor, une corazóns, polo que é ideal para persoas que buscan parella e axuda a mellorar a fertilidade nas mulleres.

Segundo a lenda, coa flor collida no momento oportuno, débese gardar nunha caixiña de madeira con algo de ouro e prata e así terás sorte no amor durante toda a vida.

Se queres ter una relación cunha persoa,debes coller a herba de namorar na noite de San Xoan e facerlla chegar a persoa que che gusta sen que ela se dé conta

Hugo Villarnovo Vázquez

Alumnado de 5ªA

CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ

O equipo ACE en colaboración co mestre especialista en lingua inglesa , e o resto dos compañeiros , levou a cabo as seguintes actividades con motivo do " Día da Paz e da no violencia ," que celebramos o día 27 de Xaneiro:

Representación dun "manniquin challenge" inspirado no lema de axuda aos demais, cada aula escolleu algunha posición para colocarse no patio exterior do centro ,na que representaba unha boa acción para cós demais. Ademáis cada aula escribiu nunha cartulina grande, unha mensaxe que formaba parte dun conxunto completo, que se pode ler no vídeo, que hai colgado na páxina web do colexio.



Cuestación anónima para a organización sen ánimo de lucro "**Aldeas Infantiles**". Como cada ano en colaboración con toda a comunidade educativa, levouse a cabo a donación anónima para a ONG Aldeas Infantiles, que traballa con nenos e nenas desprotexidos, ofrecéndolles unha familia, e a posibilidade de forxarse un futuro mellor.

Coreografía da canción "**MADRE TIERRA**" de Chayanne .

Baile das tradicionais "**Danzas do mundo**" ensaiadas polo mestre de Educación Física e a mestra de Psicomotricidade.



Creación de relatos e debuxos ,por parte dos nenos/as ,que se recolleron en caixas con temáticas como o perdón,a empatía e a amabilidade.Cada día ao longo dunha semana, se traballaron conceptos relacionados coa Paz, para favorecer na aula o respecto e axuda aos demais.



Elaboración dun mural por parte do mestre de Religión e dos alumnos de Primaria .



Equipo ACE.


Biblioteca.

BIBLIOTECA


CUN LIBRO E A TÚA IMAXINACIÓN , A AVENTURA ESTÁ ASEGURADA!!!!



Actividades propostas polo equipo de biblioteca para celebrar datas especiais



"30 DE XANEIRO"



Sabías ...? /Did youknow...?
 Sabes por que celebramos nesta data o "O Día Escolar da Non Violencia e a Paz"



O 30 de xaneiro, desde 1964, celébrase "O Día Escolar da Non Violencia e a Paz". Esta data para conmemorar a morte de Mahatma Gandhi, e foi recoñecida pola UNESCO en 1993.

Dende a nosa biblioteca quixemos animar, coas palabras e os versos de Alberti, a que a Paz sexa o xeito de vivir entre Nós. Esta data recórdanos a necesidade de una educación para a TOLERANCIA, SOLIDARIEDADE, AGARIMO RESPECTO, BONDADE, AMOR, COMPAÑERISMO, TOLERANCIA, PAZ, palabras sobre as que reflexionamos e, que utilizamos para facer uns acrósticos , que sen dúbida terán que servirnos para afondar e conseguir que todos os días sexan de Non Violencia e de Paz.



DO 6 AO 10 DE MARZO 29º EDICIÓN DA SEMANA DA PRENSA





*Falar para aprender,
Para preguntar e para responder, para
intercambiar pareceres...*

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA REALIZAR NAS AULAS DURANTE A SEMANA PRENSA




**ACTIVIDADE DE PHOTOCALL NO XORNAL DA NOSA BIBLIOTECA, O CAL BAUTIZAMOS COMO
“ O FARO DO ORTEGAL ”**






- *"LOS NIÑOS DE LA CLASE DE LOS BUHOS PUEDEN VOLAR CON OREJAS ROJAS DE ELEFANTE"
- *"UNHA SEÑORA QUEIMOU OS DEDOS NO FORNO"
- *"SHAKIRA Y CARLOS PIERDEN SU BICICLETA"



- *"AS CONSECUENCIAS DO TEMPORAL NO MAR E NA TERRA"
- *"TIBURÓN PEREGRINO NO PEIRAO DE CARIÑO"
- *"FEIRA EN CARIÑO"



- *"TEMPORAL EN CARIÑO"
- *"SORPRESA NO CAMPO DE FÚTBOL"
- *"OS TEBEOS CUMPLEN CEN ANOS"
- *"CABO ORTEGAL, NON CAÑAVERAL"



"23 DE ABRIL"



Sabías ...?/Did youknow...?

Sabes por que celebramos nesta data o "Día do Libro e dos Dereitos do Autor"???



Neste día recordamos a dous dos escritores máis celebres da historia da literatura universal: Miguel de Cervantes, en lingua castelá, e william Shakespeare, en lingua inglesa.



O día 23 de abril foi elixido coma “Día Internacional do Libro” e dos Dereitos do Autor” porque Miguel de Cervantes Saavedra, William Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega morren o 23 de abril de 1616. É necesario clarificar que Cervantes faleceu o 22 de abril e foi enterrado o 23 (calendario gregoriano), mentres que William Shakespeare morreu o 23 de abril, segundo o calendario xuliano, que corresponde ao 3 de maio.

Tamén é interesante que saibades que o 15 de novembro de 1995, a UNESCO aprobou en París, a proposta da Unión Internacional de Editores, que esta data servise para fomentar a cultura e a propiedade intelectual por medio do dereito do autor, polo que a partires desa data o 23 de abril é O “DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO E DEREITO DO AUTOR.”

DENDE A NOSA BIBLIOTECA QUIXEMOS RECORDAR A GLORIA FUERTES NO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO. GLORIA FOI A AUTORA MÁIS QUERIDA POL@S NEN@S E POLOS MAIORES. FIXEMOLO A TRAVÉS DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA SÚA POESÍA.



(MADRID 1917- MADRID 1998)



Gloria fuertes resúmenos a súa vida nunha poesía autobiográfica que tivestes oportunidade de escoitar na biblioteca, ela mesma é quen a conta en forma de poesía, coa súa voz tan particular

Gloria Fuertes nació en Madrid
 a los dos días de edad,
 pues fue muy laborioso el parto de mi madre
 que si se descuida muere por vivirme.
 A los tres años ya sabía leer
 y a los seis ya sabía mis labores.
 Yo era buena y delgada,
 alta y algo enferma.
 A los nueve años me pilló un carro
 y a los catorce me pilló la guerra;
 A los quince se murió mi madre, se fue cuando más falta me hacía.
 Aprendí a regatear en las tiendas
 y a ir a los pueblos por zanahorias.
 Por entonces empecé con los amores,
 -no digo nombres-,
 gracias a eso, pude sobrellevar
 mi juventud de barrio.
 Quise ir a la guerra, para pararla,
 pero me detuvieron a mitad del camino.
 Luego me salió una oficina,
 donde trabajo como si fuera tonta,
 -pero Dios y el botones saben que no lo soy-
 Escribo por las noches
 y voy al campo mucho.
 Todos los míos han muerto hace años
 y estoy más sola que yo misma.
 He publicado versos en todos los calendarios,
 escribo en un periódico de niños,
 y quiero comprarme a plazos una flor natural
 como las que le dan a Pemán algunas veces.



@S NEN@S
 RECIBIRON UN
 PEQUEÑO
 AGASALLO, UN
 MARCAPÁXINAS
 CUNHA FERMOUSA
 POESÍA DA
 AUTORA.

"BIENVENIDA LA
 RISA




QUE DEJA
 ALEGRÍA POR
 DONDE PISA

QUE VENGA LA
 RISA

Y SU PRIMA LA
 SONRISA."



NOVIDADES!!!!



Un "PERDÓN" por un erro que aparece nun dos marcapáxinas. Evidentemente, Gloria Fuertes non viviu mil anos, a data correcta que corresponde ao ano do seu nacemento é 1917.

E un montón de "AGRADECEMENTOS" para os colaboradores da biblioteca polo seu valioso traballo, GRAZAS POR ESTAR AÍ!!!

E "AGRADECEMENTOS aos titores e ao alumnado pola súa participación na actividades propostas desde a biblioteca. GRAZAS A TOD@S!!!

Actividades: Visita á fábrica de conservas e correos

SAÍDA Á FÁBRICA DE CONSERVAS E Á OFICINA DE CORREOS:

3º e 4º de educación primaria

Visita á fábrica de conservas e á oficina de Correos

Saimos do colexio e collemos o autobús. Ao chegar á fábrica, entramos e vimos todas as cousas que había ali. Os señores que estaban ali nos dixeron que queríamos probar un pouco de atún. Logo fomos a ver onde se cocía (o atún) cando rematamos, fomos a ver como se enlataba e de alle pómí a tapa. Tamén nos metemos dentro dum conxelador xigante que estaba a -27º baixo cero. Facia moito frío!!! Cando nos fomos do conxelador subimos nunha báncula xigante. Por último fomos a ver o almacén onde gardan o atún e fomos andando a Correos.

Chegamos á oficina de Correos. Levamos unhas cartas e as mandámoslas a San Sadurimíño (aos do colexio). Entramos na parte traseira, vimos o almacén de correos onde están gardadas as cartas. Deixámoslas pór o casco e o abeiro do carteiro e algúns nosos tamén puxeron as lentas de sol. Cando acabamos saímos no autobús e regresamos á escola.



Os nenos falan sobre a saída:

“A excursión á fábrica de conservas “La Pureza” foi divertida. Comezamos vendo como limpaban o peixe e alí déronos a probar bonito. Despois vimos como o bañaban en aceite de oliva. O seguinte paso era o envasado nas latas e logo o pechado. Tamén nos ensinaron unha máquina para facer o proceso de “autoclave”, onde se ferven as latas para que queden esterilizadas e fáiselle o “vacío”. A continuación pasamos ao almacén, onde estaban as latas xa pechadas e limpas, metidas nunhas xaulas listas para vender. Alí nos deixaron meter nunha cámara frigorífica a -40° ! E logo pesámonos todos xuntos.



Ademais ao final da visita agasalláronos cun lote de conserva e marmelada que degustamos nas aulas.”



“En Correos estivemos na parte da oficina ao público, un a un selando e pesando a cartas que lles enviamos aos nenos do colexio de San Sadurniño. Aprendemos que é moi importante que os datos vaian correctos, así coma o Código Postal. Logo ensináronos a parte traseira da oficina, onde vimos os apartados postais e a cantidade de



cartas que se reciben e envían a diario. Como tivemos tempo, fixemos preguntas, e deixáronos probar o traxe do carteiro. Tamén vimos os aparellos electrónicos que usan.”



Alumnado de 3º e 4º de E.P.

Viaxes: Santiago de Compostela.

O pasado 25 de abril, as alumnas e alumnos de 5º e 6º de Primaria fomos de viaxe a Santiago de Compostela. Tivemos que madrugar un pouco porque ás oito da mañá xa tiñamos que estar no autobús, pero mereceu a pena e para algún de nós máis porque non coñeciamos a capital de Galicia.

Chegamos a Santiago arredor das dez. A nosa primeira visita era ao Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEG), onde asistimos a unha proxección na que se podía ver como eran as escolas de antes, con nenos e nenas en aulas distintas, cos xogos tradicionais moi distintos dos que disfrutamos hoxe e con intervencións de distintos mestres. Logo fomos coas monitoras que nos ían ensinando distintos materiais empregados ao longo do tempo: pizarras para escribir, plumas, tinteiros, mapas, globos terráqueos, láminas de anatomía... Os pupitres, moi diferentes aos de hoxe, eran de dúas prazas. Nalgunha das vitrinas podíanse ver boletíns de cualificacións de persoas que, co paso do tempo, chegarían ter moita sona, como Picasso ou o de quen dá nome ao noso Centro: M. Fraga Iribarne. Como o tempo era limitado non puidemos ver a totalidade do Museo, pero a visita valeunos para comparar as escolas de antes cos modernos colexios de hoxe.



A segunda visita foi ao Obradoiro. Despois de agardarmos un anaco na praza da Quintana, onde estivemos contemplando unha exhibición de alumnos dun ciclo de actividades deportivas, e logo de que rematara a Misa do Pelegrín na Catedral, entramos neste maxestuoso edificio. Mágoa non poder ver a fachada barroca nin o Pórtico da Gloria, pois están en restauración. O interior da catedral estaba cheo de xente, moita dela de Portugal, xa que alí era día festivo: celebran a Revolución dos Cravos, ou chegada da democracia ao país.



Sáimos da catedral e fomos xantar ao comedor do Colexio *Maior Monte da Condessa*. É moi interesante: ti colles a bandexa e tés dereito a elixir dous pratos e postre. Aos de sexto pódenos servir de ensaio para a nosa viaxe a Salou, xa que no hotel é o sistema habitual: o que chaman “buffet libre”, “self service” e que ben podería ser “come o que queiras”.

Ás catro da tarde chegamos ao Pazo do Hórreo para visitar o Parlamento. Alí recibíunos un guía e, despois de pasarmos por un arco de seguridade, comezamos a visita. Leváronos a unha sala na que se celebran as cerimoniais máis solemnes, logo estivemos vendo unha proxección na que se nos indican as características do edificio e, o que é máis importante, as funcións que cumpren os deputados (facen leis, elixen o Presidente da Xunta, aprobar orzamentos, controlar o Goberno...) Estivemos nas bibliotecas e, por último, leváronos ao hemiciclo, onde os deputados tiñan un Pleno no que discutían sobre algo relacionado cos montes (incendios e condicións de traballado das mulleres e homes que combaten o lume). Antes de rematar a visita o guía deunos a cada un de nós un exemplar do libro *Ícía quere cambiar o mundo*, de Fina Casalderrey.



Sáímos do Parlamento e fomos ao centro comercial As Cancelas. Alí, as profesoras e profesores que ían con nós, deixáronos un tempo libre para merendar ou para mercar algún agasallo para as nosas familias. Subimos ao autobús e sobre as nove e media chegamos de volta a Cariño.

Foi unha viaxe moi emocionante, sobre todo para as/os que non coñeciamos Compostela.

Carlos Casares no Parlamento

Como xa sabedes, este ano o Día das Letras Galegas está adicado a Carlos Casares. Foi unha persoa moi polifacética xa que a parte das súas obras literarias tamén tivo unha presenza na vida política moi importante, como poidemos comprobar na nosa visita ó Parlamento Galego. Alí poidemos observar tódalas orlas dos parlamentos galegos, dende o primeiro, no ano 1981, ata o actual. Nese primeiro Parlamento, e quizais o máis importante, formou parte Carlos Casares.



Participou da política galega nos anos de transición e comezos da democracia, implicándose de xeito intenso na reivindicación da autonomía para Galicia. Así, foi un dos asinantes do manifesto “Realidade Galega”, xurdido co obxectivo e conseguir un Estatuto Galego.

Outro dos seus feitos destacados coma parlametario foi a súa participación na redacción e aprobación da Lei de Normalización Lingüística no 1983, polo que o galego pasaría a formar parte moi importante, tanto na Educación como na Cultura en xeral.

Alumnas e alumnos de 6º de E. Primaria

Experiencias: Laboratorio de tecnoloxía.

Hai uns meses puxemos en marcha no colexio un laboratorio de tecnoloxía, é un lugar para aprender a montar robots educativos, pero tamén exploramos outros campos:



Electrónica: fixemos prácticas con soldadura de estaño, preparamos placas e colocamos os compoñentes electrónicos.

Mecánica: aparafusamos as pezas dos robots, puxemos rodas e teclados.



Programación: utilizamos varios programas para crear os códigos para mover motores ou acender LEDs con Arduino.

Agora imos empezar co **deseño en 3D** para crear as pezas do noso propio robot.



Obradoiro: Brochetas de froitas con chocolate.

BROCHETA DE FROITAS CON CHOCOLATE

Os nenos e nenas de 1º de Primaria rematamos a semana da froita elaborando unha fantástica brocheta coas froitas que nos sobraron ao longo da semana. Pasámolo moi ben e gustounos moito, polo que queremos compartir a nosa receita con todos vós.

Ingredientes:

- Amorodos
- Mazás
- Peras
- Mandarinas
- Plátanos
- Sirope de chocolate



Preparación:

1. Pelar as froitas.



2. Cortalas en anacos pequenos.



3. Botámolas todas nun bol.



4. Pinchámolas nun paiño e montamos a brocheta.















5. Para rematar botámoslle sirope de chocolate por encima.



Obradoiro: Os colgantes de Sargadelos

A cerámica de Sargadelos é a máis famosa de Galicia. Conta cunha gran variedade de produtos ornamentais, vaixelas completas ou fermosas pezas de xoiaría, entre as que destacan os colgantes defensivos. Utilizan básicamente as cores azul, vermella, branca, e algo de verde escuro. Recollemos deseguido os máis coñecidos.

 <p>FIGA: Protexe das meigas.</p>	 <p>FURAMÁN: Protexe dos que nos queren perder.</p>	 <p>LUBICÁN: Protexe do home lobo.</p>	 <p>CURUXÁN: Protexe dos que nos queren roubar.</p>
 <p>CORNABERTO: Protexe dos que nos queren danar, finxindo nos darse conta.</p>	 <p>PEIXÁN: Protexe dos que queren que falemos de máis.</p>	 <p>ROSCÁN: Protexenos da xente falsa.</p>	 <p>MORTO: Protexe dos que nos queren asustar coa morte.</p>
 <p>RODIL: Protexe contra os que nos poñen dificultades no traballo.</p>	 <p>MANCERCO: Protexe dos que nos queren roubar o traballo.</p>	 <p>ESPIRAL: Protexe das persoas "retorcidas".</p>	 <p>ANGAZO: Protexe das persoas necias.</p>

Na clase de plástica, fixemos as nosas réplicas destes colgantes con pasta de modelar. Non foi doado, pero este é o resultado..

1. Amasamos a pasta e fixemos a forma do modelo elixido. Foi un traballo moi delicado, porque rompían con moita facilidade.



2. Unha vez que secan, pintamos de branco, para decorar despois con vermello e azul.



Velaí o resultado final, cun cordonciño para lucir ao pescozo.



Furamán



Roscán , Mancercó e Rodil



Roscán, Peixán, Cornaberto, Curuxán e Espiral



Colección completa

Sargadelos é moito máis que un obradoiro de cerámica fundado en Cervo (a Mariña Lucense), a principios do século XIX. Conta tamén cunha editorial, O Castro, e galerías de arte para dar a coñecer a tradición, as artes e a cultura galega en xeral. Nos anos de maior actividade, o grupo Sargadelos foi dirixido por Isaac Díaz Pardo, que pasará á historia como un dos intelectuais galegos máis importantes do século XX.

Alumnas e alumnos de 2º A

Proxecto: "Os mil brancos dos esquimós"

CURTA DE ANIMACIÓN: "Os mil brancos dos esquimós"

Este curso, o alumnado de 3º e 4º participará no Día das Letras Galegas proxectando o video da curtametraxe que elaboraron para un proxecto.

O proxecto "Como se fixo..."

Primeiro, lemos os libros máis adecuados para nós que nos enviaron da Editorial OQO por participar, e decidimos escoller este título de Isabel Minhós Martín.



Logo houbo que facer o "storyboard" ou guión gráfico para guiar a nosa historia escea a escea (movementos, sons, etc).

O seguinte paso foi gravar os audios, e tamén algúns sons.



E por suposto, a elaboración dos personaxes: persoas e animais. Deseñando animais peza a peza, recortando feltro, cartolinas... e dándolle cor a outros elementos da animación.



Finalmente comezamos o proceso de gravación na aula de plástica, montando alí o noso "set de gravación", no que foi necesario utilizar: un ordenador (cun programa que nos deixou a Editorial OQO) "OQO Motion", dúas web cams (unha para algúns planos en tres dimensións e outra para a animación en plano, cun soporte regulable en altura), e varios focos de luz.

Para animar, cómpre ter paciencia e precisión, xa que os movementos son moi lentos (12 fotos ao segundo!), por iso, fomos a gravar en grupos de 3. Un ocupouse de



facer o "CLIC" no ordenador para sacar a foto, e os outros, dos movementos.



Nalgunhas esceas usamos a técnica "Croma", que é usar unha tea de cor verde para logo editar o video e poñerlle distintos fondos e texturas.

Nesta animación usamos materiais e texturas diversas: boliñas de porexpán, plumas, fariña, sal, algodón, silicona, teas... e a maioría en distintos tons de branco!



Poderedes ver exposto no colexio o material co que traballamos e o video da curta na páxina web do colexio.

Esperamos que vos guste!!!

Alumnado de 3º e 4º E.P.

Deportes: Carreira intercomarcal en Moeche.

O día de 20 xaneiro de 2017 participamos na proba intercomarcal de “Campo a través” que se celebrou en Moeche.

Asistiron miles de nenos e nenas dos colexios das comarcas de Ferrolterra e Ortegá,



Xa sabemos que o importante é participar , que a diversión é o primeiro , pero tampouco está mal que se recoñezan os méritos e que se valoren os esforzos. E os méritos foron moitos, o que fixeron os nenos e nenas de Cariño foi **IMPRESIONANTE!**

Corrían con rapaces e rapazas que forman parte de clubs de atletismo, que teñen plans de adestramento e compiten de xeito habitual.

Os resultados foron:

- Sara Armada foi a segunda na categoría alevín feminino de primeiro ano.
- Carne Pita gañou en alevín feminino de segundo ano.
- Erika Vila chegou a primeira na categoría infantil feminino.
- Ana Alaminos foi a terceira en infantil feminino.
- Daniel Yáñez gañou na categoría alevín masculino.
- Alejo Díaz foi o segundo na categoría infantil masculino.



Pero é que o resto dos nosos participantes tamén chegaron nas primeiras posicións. **Parabéns e grazas polo esforzo.**

Pasatempos.

SOPA DE LETRAS

Atopa os nomes dos doce colgantes de Sargadelos..

A	S	F	A	N	G	A	Z	O	R
C	O	R	N	A	B	E	R	T	O
G	H	J	K	M	L	Ñ	Z	R	S
C	F	I	G	A	V	B	N	O	C
E	S	P	I	R	A	L	T	M	A
Q	U	E	C	U	R	U	X	A	N
D	E	A	B	F	R	O	D	I	L
U	I	M	A	N	C	E	R	C	O
P	E	I	X	A	N	L	F	E	N
L	U	B	I	C	A	N	F	O	S

1 _____

2 _____

3 _____

4 _____

5 _____

6 _____

7 _____

8 _____

9 _____

10 _____

11 _____

12 _____

Busca 8 diferenzas.








Gloria Fuertes dedicoulle moitos dos seus poemas a animais. Busca 7 animais aos que lle escribiu. Podes buscalos no debuxo que tes ao marxe.

G	A	L	I	Ñ	A	L
A	R	G	A	T	O	O
L	Q	U	Ñ	C	Z	V
O	V	E	A	A	L	O
P	E	R	R	O	O	X
V	A	C	A	S	B	U
C	A	B	A	T	O	P



O ESPIGONCIÑO





Marcos , Infantil 5 anos.



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística